<b>Descrición do programa</b>	Programa de Prevención e Promoción da Saúde cuxo obxectivo é lograr cambios permanentes nos Centros Educativos que faciliten a adquisición de hábitos saudables
<b>Obxectivos</b>	Xerar entornos máis saudables tanto dentro como fóra do centro. En especial, aumentando a actividade física diaria dos nenos e nenas, así como favorecendo o consumo de tentempés e merendas saudables.



<b>Cursos implicados</b>	Participará todo o alumnado do centro educativo dende 4º de Educación Infantil a 6º de Educación Primaria.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	<p>Rexistro dos tipos de almorzos do alumnado e a súa evolución cara a almorzos máis saudables.</p> <p>Rexistro do incremento da actividade física do alumnado entre clases (traballo grupo por clase).</p> <p>Participación no concurso trimestral de almorzos e merendas saudables.</p> <p>Creación e difusión de material para a aula virtual e/ou blogs sobre alimentación e pausas saudables.</p>		
<b>Responsables</b>	<p>Todo o profesorado do centro estará implicado no desenvolvemento do plan, sendo a coordinadora do mesmo Silvia Puga López.</p> <p>O Programa nutrirase coa colaboración da Asociación Española contra o Cancro.</p>		
<b>Actividades</b>	<p>Motivar os alumnos/as para levar almorzos saudables e así conseguir ser unha clase saudable. Previamente realizarase unha análise do que os alumnos/as levan para almorzar e despois realizarase un cronograma para revisar os almorzos do alumnado no período establecido. Realizar pausas saudables, é dicir, breves descansos (de máximo 5 minutos) entre clases nos que se realizarán exercicios de actividade física (estiramientos, equilibrio, coordinación, flexibilidade, forza...).</p> <p>Realizar almorzos saudables divertidos, temáticos e orixinais en familia respectando as pautas establecidas de ser saudable, nutritivo, creativo... fotografialo e compartilo.</p> <p>Realizar un circuito vertical para coroar os edificios máis altos do mundo en función dos pasos que necesitaríamos para chegar ao cumio. É unha actividade grupal que fomente a práctica da actividade física, á vez que mellora a cohesión grupal e fai aos nenos/as coñecedores de edificios singulares do noso planeta.</p>		

PROGRAMA VOZ NATURA , Anexo II

## 22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.
- Horarios dispoñibles.
- Solicitudes xa cursadas.

<b>Instalación:</b>			
<b>Entidade que a usa</b>			
<b>Participan membros da comunidade educativa</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
<b>Horario de uso</b>			

## 23. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

- Actividades propostas.

actividade	días	horas
Cociña	Luns	16:30 a 18:00
Skate	Xoves	16:30 a 17:30
Taller creativo	Mércores	16:30 a 18:00

## 24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O proceso avaliador pretende, como mecanismo regulador do proceso formativo, analizar o papel que desempeñan todos os elementos que interveñen nel, co fin de mellorar, corrixir, adaptar, etc. aqueles aspectos que non lograran conseguir os fins propostos.

Así contemplamos a avaliación dende dúas perspectivas:

### 24.1 AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO.

Regulada segundo a **ORDEN de 26 de maio de 2023 ( DOG 13 de xuño 2023)** e **ORDEN de 30 de mayo de 2023 (DOG de 13 de xuño de 2023)** para a etapa de Educación Infantil.

Analizaranse as adquisicións realizadas polos alumnos e alumnas ao longo do proceso de aprendizaxe en relación cos obxectivos previstos, tendo como referente o Proxecto Curricular, co fin de proporcionarlles as axudas necesarias que lles permitan ir avanzando no seu proceso formativo.

Esta avaliación será global, continua e terá un carácter formativo.

Cada área terá os seus criterios de avaliación, de acordo co estipulado en cada ciclo, en conexión co PCC (hoxe incluído no PE). Asemade, cada área disporá dos seus instrumentos de avaliación, reflectidos na súa programación de aula.

As informacións ás familias faranse antes do Nadal; en marzo ; e ao rematar o curso en Xuño.

### 24.2 AVALIACIÓN DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Teranse en conta diferentes aspectos:

- Organización e coordinación dos Equipos Docentes.

- Planificación das tarefas.
- Ambiente de traballo, participación e implicación do profesorado; clima de consenso e aplicación de acordos.
- Relación e implicación dos Pais, Nais e Titores de Alumnos e Alumnas.
- Relación entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Avaliación do Proxecto Curricular, do P.E. e da Programación Xeral Anual.

Os resultados da avaliación servirán de elemento referencial para a modificación do Proxecto Curricular, do proceso de ensino e da práctica docente, naqueles aspectos que se teñan amosado como pouco axeitados ás características do alumnado e do entorno do Centro.

## ANEXOS

### PLAN DE ORIENTACIÓN

### ÍNDICE

1. Introducción .....	páx. 2
2. Constitución do Departamento de Orientación.....	páx. 3
3. Xustificación baseada na contorna.....	páx. 5
4. Obxectivos.....	páx 7
5. Estratexias de intervención.....	páx. 9
6. Criterios de avaliación do plan.....	páx 10
7. Procedementos e instrumentos de Avaliación do plan.....	páx 10
8. Anexos.....	páx 12

## **1.- INTRODUCCIÓN**

A Orientación educativa é un elemento esencial que contribúe en gran medida á mellora da calidade e da eficacia do ensino. Dende o punto de vista do alumnado é un dereito que ten que concretarse e garantirse nun conxunto de servicios e actividades que o sistema educativo debe ofrecer.

Coñecer ao alumnado, colaborar co profesorado, as familias e o centro, así como no funcionamento educativo, van ser os primeiros obxectivos que se vai propoñer o departamento como tal.

Nesta liña, no CEIP de Marcón traballaremos nos tres sectores clave da educación: alumnado, profesorado e familias, atendendo aos problemas e dificultades de aprendizaxe e prestando o máximo apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfrenta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e coa contorna, contribuindo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenvolven nela e, consecuentemente, da acción educativa.

A orientación é un deber compartido por todos os mestres que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagóxico-didáctico que articula, a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción tutorial. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada, é parte da organización pedagóxico-educativa do centro e, consecuentemente, debe unirse coa actividade e estrutura xeral deste.

## **2.- CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Atendendo á normativa vixente, concretamente o artigo 4 do Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, constitúese o Dpto. de Orientación para o curso 2023/2024 no CEIP de Marcón do que forman parte:

- Coordinadora de Ed. Infantil – Rosa María Regueira Filgueira
- Coordinadora de 1º ciclo de EP – Raquel Graña Solla
- Coordinadora de 2º ciclo de EP – M<sup>a</sup> Jesús Varela Fernández
- Coordinador de 3º ciclo de EP – Manuel Amador Alonso López
- Especialista P.T. – Bibiana Davila Santiago
- Especialista A.L. – Sonia García Abelairas
- Xefa do Departamento de Orientación – Sonia García Abelairas

Durante o curso escolar levaranse a cabo unha serie de reunións que quedan organizadas da seguinte forma:

- **Reunión mensual** de todos os membros do Departamento de Orientación.

As reunións do departamento de orientación serán levadas a cabo un martes pola tarde.

- **Reunións de coordinación coas mestras especialistas de AL e PT.** Serán levadas a cabo de xeito bisemanal reunións de coordinación entre a orientadora e mestra de AL e a mestra de PT para coordinar os aspectos pedagóxicos do alumnado atendido neste departamento, tramitar posibles altas e realizar cambios na distribución horaria atendendo aos posibles cambios nas necesidades do alumnado.
- **Reunións de coordinación co equipo directivo:** para tratar todos aqueles aspectos puntuais referidos ao departamento: establecer aspectos organizativos, elaborar informes segundo as necesidades que vaian xurdindo.
- **Reunións coas familias:** para recadar información sobre o alumnado obxecto de atención cara a unha posible avaliación, para solicitar o consentimento da avaliación psicopedagóxica, para informalos e orientalos sobre aspectos puntuais do seu interese referidos ao desenvolvemento dos seus fillos/as.
- **Reunións de coordinación cos titores e profesorado:** Realizaranse xuntanzas cos equipos de ciclo, profesorado que atende ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, nos momentos que sexan precisos e tendo en conta a dispoñibilidade horaria dos mestres e titores.

### HORARIO DA ORIENTADORA

Como consideración previa, cómpre salientar que ao tratarse dunha orientación con afinidade de Audición e Linguaxe, repartirase a carga horaria tal e como se indica a continuación:

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
<i>9:30-10:25</i>	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
<i>10:25-11:20</i>	Orientación	Orientación	Orientación	PELO 3	Orientación
<i>11:20-12:10</i>	A.L.	Orientación	Orientación	A.L.	A.L.

<b>RECREO</b> <b>12:10-</b> <b>12:40</b>	GARDA				GARDA
<b>12:40-</b> <b>13:40</b>	A.L.	A.L.	A.L.	A.L.	Orientación
<b>13:40-</b> <b>14:30</b>	PELO 5	A.L.	A.L.	A.L.	PELO 4

➤ Gardas recreo: luns e venres.

### 3.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO

O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Para iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades da contorna á que vai dirixida e na que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc. A grandes rasgos, facemos unha breve **análise da situación de partida e a proposta de medidas de atención á diversidade do alumnado en base aos recursos existentes no centro:**

- Na Educación Infantil, a atención á diversidade céntrase nos seguintes aspectos:
  - Alumno TEA III: apoio EI, PT, AL e PAC asignada.
  - Atresia esofáxica: PAC asignada.
  - Alumnado en situación de vulnerabilidade sociofamiliar: reforzo na aula e seguimento de cara a presentación do caso á UACO.
  - Alumnado restante: prevención de dificultades e estimulación da linguaxe oral mediante o P.E.L.O., levado a cabo pola especialista de AL.
  - Calquera outra que poida xurdir.

- Cómpre salientar, que todo o alumnado, de ámbalas dúas etapas, que se atope inscrito no programa de Alerta Escolar, será tamén atendido pola Persoa Auxiliar Coidadora cando o precise.
- No 1º ciclo da EP, a meirande parte das necesidades detectadas, refírense ao proceso de lectoescritura:
  - Dificultades da linguaxe, dificultades de aprendizaxe con rasgos disléxicos; ao que se propón reforzo educativo por parte da persoa titora e atención específica de PT e AL.
  - Alumna de nova incorporación con todas as materias de 1º suspensas e sen iniciar lectoescritura: reforzo educativo por parte da persoa titora e atención específica de PT e AL.
  - Alumno con Trastorno Grave de Conduta que repite curso: reforzo educativo por parte da persoa titora e atención específica de PT e AL; ademais de seguimento e intervención por parte da UACO.
  - Dificultades na linguaxe oral: dislalias múltiples, para as que se intervén con medias sesións coa especialista de A.L.
- No 2º ciclo da EP, a atención á diversidade céntrase nos seguintes aspectos:
  - En valoración por parte do DO ou xa diagnosticadas, dificultades atencionais, que se atenderán seguindo as disposicións do protocolo de atención ao alumnado con TDAH e atención específica de PT, segundo as necesidades detectadas.
  - Alumnado con rasgos disléxicos, atendido en base ás disposicións do protocolo correspondente e susceptible de ser proposto para apoio de PT, AL, en función das necesidades que se detecten na avaliación inical e ao longo do curso.
  - Alumnado con Trastorno Específico da Linguaxe e/ou dificultades da linguaxe, que lle acarrea dificultades curriculares; contan con reforzo educativo por parte da persoa titora, e apoio específico de PT e AL.
  - Alumna con discapacidade intelectual, que conta con ACI e apoio específico de PT e AL.
- No 3º ciclo da EP, a atención á diversidade céntrase nos seguintes aspectos:
  - Como se trata dun momento orientado á transición ao IES, préstase especial atención aos posibles desfases curriculares, risco de repetición ou alumnado repetidor, que será atendido con reforzo educativo por parte da persoa titora e apoio específico da especialista de PT.



O CEIP de Marcón está situado no lugar de Pazos (parroquia de Marcón), pertencente ao concello de Pontevedra. Conta con 6 unidades de Ed. Primaria e 3 de Ed. Infantil, cun total de 135 alumnos/as.

Está adscrito ao IES Frei Martín Sarmiento, ao cal acoden a meirande parte dos alumnos/as ao rematar a etapa de Educación Primaria.

O entorno que arrodea ao centro caracterízase por ser un ambiente rural. O nivel socioeconómico das familias é medio.

O centro consta das seguintes dependencias: dirección-secretaría-xefatura de estudos, departamento de orientación, sala de mestres, conserxería, patios, biblioteca, aulas de infantil e primaria, aula de informática, aula de inglés, de música, aulas de P.T e A.L, sala de audiovisuais, comedor escolar e ximnasio.

#### **4.- OBXECTIVOS**

Se ben o Plan de Orientación é un documento aberto que se transforma e evoluciona ao tempo que o fai a escola e a comunidade educativa, nace coa pretensión de ofrecer un marco estable que guíe a acción orientadora do centro. De aí que os obxectivos formulados enmarcarán unha proposta de traballo a medio-longo prazo que se irá enriquecendo anualmente con distintas aportacións, pero sen perder esa función de eixo vertebrador firme que a labor orientadora precisa. Faise necesaria unha reflexión e toma de decisións coherente e axustada tendo en conta:

- O papel relevante e a importancia da función orientadora no sistema educativo.
- As funcións e os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación e da xefatura do departamento que se regulan no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros, (DOG 14/05/98) e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/07/98).
- A análise das necesidades, características e recursos da realidade do noso centro e a súa contorna.
- Os valores, obxectivos e prioridades de actuación e as decisións e opcións da comunidade educativa referidas ao ámbito pedagóxico, académico e educativo explicitadas no PE.

- Os criterios fixados polo Claustro de profesores e as directrices da CCP.

Todo isto lévanos a determinar que os obxectivos que deben guiar a acción deste Departamento de Orientación son, tendo en conta os distintos ámbitos de intervención:

#### A NIVEL DE CENTRO:

- Colaborar na revisión dos Proxectos Curriculares de Primaria.
- Colaborar na revisión do Proxecto Educativo de Centro e das Normas de Organización e Funcionamento.
- Colaborar na revisión e elaboración das programacións de cada nivel así coma nas diferentes actividades educativas.
- Asesorar tecnicamente en cuestións de adaptacións curriculares, intervención psicopedagóxica e programas de desenvolvemento individual e grupal.
- Colaborar na planificación e organización de toda clase de actividades educativas.
- Promover a cooperación entre o Centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na educación do alumnado.
- Asegurar a conexión do Centro co entorno: Equipo de Orientación Específico, UACO, asistencia social, centros de saúde, gabinetes externos...
- Continuar coa colaboración e coordinación entre o Centro de educación Infantil e Primaria.

#### A NIVEL ALUMNADO:

- Apoio no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado do centro, tanto a través de medidas ordinarias como extraordinarias.
- Axudar ao alumnado nos momentos de maior dificultade: ingreso e cambios de etapa.
- Favorecer a adaptación dos nenos/as que veñen de Educación Infantil.

#### A NIVEL PROFESORADO:

- Informar sobre a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as e sobre as súas características persoais.
- Apoiar a acción tutorial.
- Facilitar o emprego na aula de técnicas específicas relativas ao traballo intelectual, programas de: ensinar a pensar, habilidades sociais, mellora da autoestima, desenvolvemento da intelixencia emocional, intervención educativa na prevención da

indisciplina, actividades para mellorar a atención, para fomentar os valores e o respecto ao medio ambiente.

- Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento e/ou aprendizaxe que presente o alumnado e a pronta intervención para tratar de remedialos.
- Facilitar información aos titores/as que axude á detección de posibles trastornos que afecten á aprendizaxe dos alumnos/as.

#### A NIVEL FAMILIAS:

- Cooperar na relación titores/as- familia na solución de problemas que afecten aos seus fillos/as.
- Orientar ás familias de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos/as.
- Pedir colaboración para actividades que se realicen no Centro.

### **5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

O Departamento de Orientación reunirse unha vez ao mes para desenvolver o traballo a realizar segundo este Plan.

Estableceranse reunións bisemanais de coordinación co profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe así como cos equipos docentes de nivel.

Nun principio, detectaranse necesidades e realizaranse propostas de solución cos recursos cos que contamos, tal como detallamos no apartado 3.

Informarase ás familias sobre o funcionamento do Departamento de Orientación.

Planificación por niveis dos apoios e reforzos ao alumnado que o precise.

Probas de screening sobre aspectos como: fonoloxía, lateralidade, lectura, etc.

Programa de técnicas de estudio.

Programa de comprensión lectora.

Programación de actividades sobre a atención, autoestima, desenvolvemento da intelixencia emocional e técnicas de traballo intelectual.

Intervención na planificación das festas e conmemoracións que celebre o Centro.

Levaranse a cabo contactos cos servizos sociais, a UACO e/ou coas distintas entidades públicas ou privadas que se precisen de cara á orientación do alumnado.

## **6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN**

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos propostos e veñen determinados por:

- a.- A realización das actuacións previstas nos diferentes plans: PAT, PAADO, P.Acollida.
- b.- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- c.- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- d.- O grao de axuste á realidade do colexio.
- e.- A resposta á diversidade.
- f.- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- g.- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- h.- A relación cos axentes externos.
- i.- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- j.- A promoción e apoio á convivencia.

## **7.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN**

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos os seguintes procedementos e/ou instrumentos:

As reunións de coordinación celebradas durante todo o curso, os cuestionarios entregados aos mestres/as do centro, a análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico, as entrevistas, a análise do clima de convivencia no centro, toda a información recollida nas memorias finais, a análise de documentos e a análise de tarefas nos darán información acerca do desenvolvemento total das accións prioritarias, todas as accións previstas e non realizadas, as modificacións e/ou actuacións introducidas, as reunións celebradas, a participación nas reunións do Departamento, o número de demandas recibidas durante todo o curso, o número de demandas atendidas, os instrumentos e/ou documentos elaborados, o desenvolvemento do propio plan de orientación e as actividades marcadas.

## **8.- ANEXOS**

- Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación

- Plan de Acción Titorial

ANEXO I

# PAADO

## Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación

### Curso 2023/2024

## ÍNDICE

1. Introducción .....	pág. 13
2. Actuacións e temporalización.....	pág. 14
3. Seguimento e avaliación.....	pág. 16

## 1. INTRODUCCIÓN

Neste Plan anual establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento de Orientación do CEIP de Marcón, durante o curso 2023/2024.

De conformidade co establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/98) e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG, 31/07/98), en relación á organización e funcionamento do Departamento de Orientación, establécense varios niveis de concreción na determinación das súas accións:

- Os ámbitos de actuación establecidos nas funcións do Departamento e que se explicitan na referida normativa.
- As instrucións da Administración Educativa que se concretan na circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- As liñas xerais do Plan de Orientación Académica e Profesional e do Plan de Acción Titorial, elaboradas polo departamentos do IES ao que o centro está adscrito.
- O Plan de Orientación do noso centro co correspondente Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.

A elaboración do presente documento está recollido na Orde do 24 de xullo de 1998 que no seu artigo 11º b) determina que é función da xefatura do departamento de orientación “responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso”.

Este documento organiza e planifica as actuacións dos membros do departamento e neste establécense as actuacións, os responsables, os destinatarios e a temporalización das actividades de dito departamento.

Así mesmo, favorece a consecución e concreta o Plan de Orientación do noso centro para o presente curso escolar 2023/2024.



En relación ás reunións de carácter ordinario do Departamento de Orientación ten asignado, na planificación, un martes de cada mes de 16:30 a 17:30

## 2. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
1	Propostas de apoio ACNEAE	Orientadora e especialistas de PT e AL	Xefatura de estudos	Setembro
2	Participación nas reunións de acollida aos pais	Orientadora	Familias	Setembro
3	Organización e posta en funcionamento do arquivo de Orientación	Orientadora	Profesorado	Setembro
4	Revisión e organización dos expedientes do alumnado NEAE.	Orientadora e PT/AL	Profesorado	Setembro-Outubro
5	Tramitación das becas MEC do alumnado con NEAE	Orientadora	Administración Educativa	Setembro Outubro
6	Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación. (PAADO)	Orientadora	DO, Claustro, Dirección.	Outubro
	Revisión do Plan de Acción Titorial (PAT)	Orientadora	Claustro, Dirección	Primeiro trimestre
7	Revisión do Plan de Orientación	Orientadora	Claustro, Dirección	Primeiro trimestre
8	Revisión do Plan de Convivencia	Orientadora	Claustro, Dirección	Primeiro trimestre
9	Revisión Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)	Departamento de Orientación	Claustro, Dirección	Primeiro trimestre

	Aplicación de cuestionarios sociométricos	Orientadora		Alumnado de Primaria	de	Outubro
10	Recollida de estadísticas de atención á diversidade na aplicación DRDADI	Orientadora		Administración Educativa		Primeiro trimestre
11	Programa de dominancia lateral	Orientadora		Alumnado de 1º EP		Primeiro trimestre
12	Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.	Orientadora		Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias		Todo o curso
13						
14	Establecemento de reunións coa orientadora do IES Frei Martín Sarmiento	Orientadora		Orientadores CEIPs adscritos e IES		Unha vez por trimestre
15	Visita ao IES co alumnado que remata a etapa de EP.	Titora de Orientadora	6º,	Alumnado de 6º		Maio - xuño
16	Actividades destinadas a preparación para a ESO	Titora de Orientadora	6º,	Alumnado e familias de 6º		Terceiro trimestre
17	Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento.	Departamento Orientación	de	Membros do DO		Maio - xuño
18	Avaliación do Plan de Orientación	Departamento Orientación	de	Membros do DO		Maio - xuño
19	Elaboración dos informes do alumnado que remata a primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica	Orientadora		Xefe de estudos, Orientador do IES Frei Martín Sarmiento		Xuño
20	Redacción da memoria do Departamento de Orientación	Orientadora		DO, Claustro e Dirección.		Xuño
21	Recollida de estatísticas de orientación na	Orientadora		Administración Educativa		Xuño - xullo

	aplicación DRDORIENTA			
22	Participación nas sesións de avaliación	Orientadora	Equipos docentes	Ao remate de cada trimestre
23	Reunións mensuais do Departamento	Departamento de Orientación	Membros do DO	Un martes de cada mes
24	Asesoramento á Comunidade Educativa	Orientadora	Comunidade Educativa	Todo o curso
25	Proposta de adquisición de material do Departamento	Orientadora	Dirección	Todo o curso
26	Asesoramento na realización e seguimento das ACS	Orientadora	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos	Todo o curso
27	Solicitude de intervención aos especialistas do EOE, sempre que sexa necesario	Orientadora	EOE	Todo o curso
28	Asesoramento xeral na acción tutorial	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
29	Asesoramento e colaboración na elaboración e revisión dos documentos do centro	Orientadora	Claustro, equipo directivo	Todo o curso
30				
31	Aplicación de probas grupais	Orientadora	Alumnado de Ed. Infantil e Primaria	A finais do 2º e 3º trimestres
32	Elaboración dos informes do alumnado que remata 6º EP e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica	Orientadora	Orientadora do IES	Xuño
33	Elaboración e envío de guías informativas sobre	Orientadora	Profesorado, familias	Ao longo do curso

	aspectos educativos ás familias e ao profesorado.				
34	Colaboración e coordinación con servizos externos que atenden ao alumnado NEAE	Orientadora, AL	PT,	EOE, Gabinetes externos, Servizos Sociais, Sergas, etc.	UACO, Ao longo do curso

## 5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Tendo en conta que as actividades variarán en función das necesidades detectadas ao longo do curso, realizarase unha avaliación continua do mesmo. Así mesmo valorarase o grao de consecución de ditas actividades.

No mes de xuño realizarase a avaliación deste Plan, que se incorporará á memoria do Departamento de Orientación.

ANEXO II

PAT

Plan de Acción tutorial

Curso 2023/2024

## ÍNDICE

**A- INTRODUCCIÓN**

**B- OBXECTIVOS**

**C- CONTIDOS**

**D- ACTIVIDADES:**

- PARA ALUMNADO

- PARA PROFESORADO

- PARA FAMILIAS

- PARA O PROCESO DE E/A

**E- AVALIACIÓN**

### A - INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial enmárcase no plan de acción do Departamento de Orientación, segundo establece o Decreto 120/1998 e no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (título III, cap. IV, art. 80 e 81) e formará parte xunto co Plan de Atención á diversidade do Alumnado, do Proxecto Educativo de Centro tal e como se establece no artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.

A acción titorial enténdese coma o proceso de axuda e orientación por parte do profesor para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e que abrangue o conxunto de accións educativas encamiñadas ao coñecemento do alumno/a, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar e a proposta de alternativas que lle faciliten ao alumno/a a toma de decisións, así coma o seu desenvolvemento como persoa e a socialización.

## B - OBXECTIVOS

### B.1 Obxectivo xeral:

Facilitarlle aos titores/as o desenvolvemento da súa labor, tanto no coñecemento e apoio ao alumnado como ao equipo docente e ás familias que inciden na súa titoría.

### B.2 Obxectivos específicos:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado
- Optimizar os procesos de ensino e aprendizaxe
- Coordinar a acción educativa co equipo docente do grupo
- Orientar aos pais e nais na súa labor educativa.
- Seguimento da asistencia ao centro do alumnado.

## C- CONTIDOS

- Documentos básicos de recollida de información
- Normas básicas de funcionamento do centro.
- Información para o alumnado e as familias.
- Materiais para a titoría.

## D – ACTIVIDADES

### D.1 ACTIVIDADES COS ALUMNOS/AS:

- Organizar actividades de acollida a principios de curso, sobre todo para o alumnado que chega ao centro por primeira vez. Son actividades especialmente necesarias para anticiparse aos problemas de adaptación derivados, as veces, da incorporación á nova etapa educativa e a un centro onde conviven alumnos/as dun amplo e complexo tramo de idades.
- Falar a principios de curso co alumnado dos seus dereitos e deberes e sobre as normas de organización e funcionamento do centro.
- Explicar as funcións e tarefas da titoría, dándolles a oportunidade de participar na programación de actividades e de expoñer os seus puntos de vista sobre cuestións que concirnen ao grupo.
- Coñecer a situación de cada alumno/a no grupo, no centro, e no seu entorno familiar e social .
- Coñecer a dinámica interna do grupo, o clima de aula e intervir se fora necesario para recompoñer esa dinámica.

- Estimular e orientar ao grupo para que amose as súas necesidades, expectativas, problemas e dificultades.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos/as na vida do centro e do entorno.
- Realizar actividades que se consideren oportunas en cada aula, como técnicas de estudio, traballo en Habilidades Sociais, resolución de conflitos, aceptar unha crítica.
- Realizar un programa de transición para o alumnado de 6º de primaria.
- Colaborar no desenvolvemento do plan de centro de absentismo escolar.

## D.2 ACTIVIDADES COS PROFESORES/AS:

Preparar e consensuar co equipo docente un plan de acción tutorial para todo o curso, tratando de precisar cal é o grao e modo de implicación dos profesores/as e cales os aspectos que de forma específica e prioritaria atenderá o titor/a.

- Establécense reunións de coordinación entre os equipos de tutoría cando sexa preciso.
- Reunións coordinación coa orientadora cando se considere preciso (elaboración de ACS, pautas, asesoramento, etc).
- Establécense reunións do titor co profesorado de PT e AL para favorecer a coordinación pedagóxica do alumnado.
- Preparar, coordinar e moderar as sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios de avaliación continua, formativa e orientadora que se propugna para todas as fases do proceso avaliador.
- Facilitanse as reunións do titor co profesorado ou profesionais que atenden ao alumnado fóra do centro.
- Facilitar aos titores materiais como: cuestionario persoal inicial, cuestionario para familias, cuestionario de Habilidades Sociais, sociograma, cuestionario clima de aula, probas de avaliación inicial e solicitude de intervención do departamento de orientación.

## D.3 ACTIVIDADES PARA OS PAIS/NAIS:

- Reunir os pais/nais ao comezo de curso para informarlles das horas de visita, horarios dos alumnos/as, composición do equipo docente, os obxectivos e as actividades de tutoría. Así como recomendacións básicas (pautas alimenticias, hixiene, puntualidade, linguaxe, límites e normas).
- Realizarase unha reunión informativa en xuño para todos os pais/nais de alumnos que se matriculen no Centro, por primeira vez ou proveñan de outros centros.
- Realizarase unha reunión informativa para as familias do alumnado de 6º de Primaria como parte do programa de transición ó IES.



- Conseguir a colaboración dos pais/nais en relación co traballo persoal dos seus fillos/as, organización do tempo de estudo na casa, e tamén do tempo libre e de descanso.
- Preparar actividades extraescolares, visitas e charlas en colaboración cos pais/nais.
- Manter entrevistas cos pais/nais cando eles o soliciten ou o titor/a as considere necesarias, anticipándose ás situacións de inadaptación ou fracaso escolar.
- Os horarios semanais de atención a pais e nais serán no CEIP de Marcón será os martes de 16:30 a 17:30
- Informar aos pais/nais sobre as faltas de asistencia, incidentes ou sancións.
- Coordinar grupos de discusión sobre temas formais de interese para os pais/nais (coa colaboración do departamento de orientación).

#### D.4 ACTIVIDADES PARA APOIAR O PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE

- Priorizamos o **apoio dentro** da aula, tanto por parte da especialista en PT e AL, como do profesorado do centro en xeral, salvo para os casos nos que a actividade ou a dinámica da aula así o aconselle, pasando a realizarse outro tipo de agrupamento.
- Apoia-se e foméntase a aprendizaxe en grupos cooperativos.
- Escolma de materiais, páxinas educativas e programas de interese para o reforzo ou a ampliación das diferentes unidades temáticas. Asesoramento no uso destes materiais.
- Apoio ao programa Plan lector de centro, e formación para os titores/as sobre Técnicas de comprensión lectora..

#### **Temporalización:**

- Ao longo de todo o curso
- De forma preferente a través do calendario de reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- De forma preferente a través do calendario de reunións dos titores/as co seu grupo.
- Para o asesoramento individual ás familias nos tempos sinalados de orientación a pais/nais.

#### E - AVALIACIÓN

Os **instrumentos** de avaliación serán a observación directa e o rexistro de incidencias, así como a recollida de opinións entre os membros da comunidade.

#### **Criterios** de avaliación:

- Satisfacción do alumnado e das súas nais e pais na atención recibida.

- Información suficiente sobre o alumnado, as familias, a normativa do centro, horarios, materiais, ...
- Eficacia da avaliación inicial e pertinencia da información recollida.
- Eficacia dos apoios e adaptacións realizadas: tutoría, aprendizaxe cooperativa e outras.
- Integración cos compañeiros.

Pontevedra, 5 de outubro do 2023

Sonia García Abelairas  
Xefa do Departamento de Orientación

## ANEXO II VOZ NATURA

### **PROYECTO VOZ NATURA 2023-24: SEMENTA CON ILUSIÓN EN LOS MONTES DE MARCÓN**

#### ***1.-OBJETIVOS :***

- Fomentar la elaboración de comederos para pájaros y colocarlos en nuestro patio.**
- Restaurar parte de un ecosistema plantando árboles o arbustos .**
- Respetar las áreas protegidas y reservas naturales y seguir todas las indicaciones cuando realicemos un paseo.**
- Montar un invernadero en nuestro patio.**
- Organizar con la Asociación Vaipolorío una salida ambiental por los senderos del río Gafos.**
- Reforestar una parcela o lugar próximo a nuestro cole .**
- Encontrar e investigar plantas cercanas al río Gafos e Tomeza,incluyendo la planta identificada por Fray Martín**

### **Sarmiento “Orella de gato”**

- Potenciar hábitos de “alimentación saludables y equilibrados”**
- Plantear caminatas por rutas cercanas al cole ,por ejemplo ir hasta la Ermita de San Cibrán con un cuaderno de investigación.**
- Inculcar nuevas pautas de conducta respecto al Medio Ambiente de cara a un desarrollo sostenible.**
- Hacer de nuestras aulas entornos educativos sostenibles**
  
- Elaborar herbarios**
- Investigar las especies del entorno : anfibios como la rana común,rana patilarga,salamandra común,ranita de san Antonio,salamandra rabilarga.**

### ***2.-DETALLE/JUSTIFICACIÓN DEL PROYECTO Y DESCRIPCIÓN DEL LUGAR DONDE SE LLEVARÁ A CABO:***

**Al pie del ”Monte da Fracha” se sitúa la parroquia de Marcón, donde está situado nuestro cole, que limita con Tomeza y Bora. Uno de los parques forestales que rodean la ciudad y próximo a nuestro cole es “A Fracha”. Y entre su multitud de piedras y masa forestal encuentran su escondite muchos insectos, mariposas, libélulas, reptiles como el lagarto arnal, mamíferos como la comadreja, el jabalí, el corzo y las aves típicas como águila, bubelas, búho orejudo, etc. La presencia de árboles y plantas es imprescindible. Como ya sabemos, esto se debe principalmente a su capacidad para transformar el dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) en el oxígeno (O<sub>2</sub>) que los demás seres vivos respiramos. Además, tienen una gran función en la estructura y fertilidad del suelo, También se tiene que valorar que muchos**

árboles y arbustos sirven como refugio y a veces incluso como escondite en situaciones de riesgo a muchos animales, sobretodo en los bosques. Es por esto que también con la colaboración de Xosé y su asociación Vaipolorío crearemos refugios para pájaros y murciélagos por en entorno del río Gafos, así como también reforestaremos alguna parcela de dicho entorno. Intentaremos desarrollar hábitos y comportamientos en relación a : • Actividades para proteger especies autóctonas • Cuidado y respeto por los animales de este entorno

### **3.-CALENDARIO DE EJECUCIÓN Y ACTIVIDADES:**

**Septiembre 2023 :**

**\*Encuesta a los alumnos/as sobre sus intereses e ideas acerca de: Elaboración de consejos prácticos para ser un buen ornitólogo:**

**En que tengo que fijarme para diferenciar un ave de “ribeira”?**

- 1.-Dónde se encuentra?**
- 2.-Época del año.**
- 3.-Tamaño.**
- 4.-Forma del pico.**
- 5.-Forma de la cola.**
- 6.-Forma de las alas.**
- 7.-Cómo se comportan.**
- 8.-Su canto.**
- 9.-Colores y marcas corporales.**

**Octubre 2023 :**

**\*Analizar el impacto medioambiental en la flora y fauna a través de plataformas como “Salvemos a fracha”:**

**Especies de fauna autóctonas en peligro de extinción como “Arabilonga” en zonas afectadas por la A-57 en Pintos.**

**\*14 de Octubre:Día mundial de las aves.Haremos para celebrarlo comederos para pájaros y los colocaremos por nuestro patio para que sobrevivan al duro invierno.**

**Noviembre 2023 :**

**\*Programar y realizar una visita al “ Monte da fracha” muy próximo a nuestro cole.**

**\*Instalar , junto con la Asociación Vaipolorío,refugios para murciélagos por el río Gafos y cajas nido para pájaros: Comprender el interés de conservar estos mamíferos voladores, de cara a la salud de los ecosistemas,así como conocer su labor sanitaria, como depredadores de insectos transmisores de enfermedades.**

**Diciembre 2023 :**

**\*Identificar las distintas especies de aves de nuestro entorno cercano al cole.La asociación Vaipolorío cuenta con una riqueza de aves catalogadas que ascienden a 108 especies.**

**\*Identificar aspectos importantes como son los cantos, la silueta en vuelo, así como otros aspectos comportamentales.**

**Enero 2024 :**

**\*Construir un huerto vertical y maceteros de madera en forma escalonada para aumentar nuestro huerto ecológico. \*Las plantas medicinales del río Gafos.Catalogarlas \*Elaboración de herbarios.**

**Febrero 2024 :**

**\*Elaboración de disfraces para un carnaval sostenible. Con la llegada del carnaval utilizaremos la temática del reciclaje para**

**su celebración por toda la comunidad educativa y haremos disfraces a partir de materiales de reciclaje**

**Marzo 2024 :**

**\* Con la llegada de la Primavera plantaremos diversas verduras, semillas y plantas aromáticas diversas en nuestro huerto.**

**\*La Fauna de nuestro río Gafos y Pintos. Elaboración de cuaderno de campo para nuestras observaciones.**

**Abril 2024 :**

**\*Hablar con las vecinas de Pintos en Marcón: Rosa Fernández Villaverde y Fina Mariño para que nos informen de las diferentes “Herbas de San Xoán na contorna do río Gafos”.**

**Mayo 2024 :**

**\*Ayudaremos a reducir el impacto ambiental limpiando una parte del río Gafos con la ayuda y colaboración de Xosé de la Asociación Vaipolorío.**

**\*Elaboración de un “Maio”**

**Junio 2024:**

**\* Ruta por nuestro monte del colegio realizando una buena observación de las distintas especies y haciendo fotos.**

**\*Recolección de nuestros cultivos**

#### ***4.- ENTIDADES Y PERSONAS COLABORADORAS:***

**La asociación de padres y madres del colegio (ANPA)**

**La Asociación de montes de Marcón**

**A Deputación de Pontevedra**  
**A Asociación Vaipolorío**  
**O Concello de Pontevedra**

Unha vez examinada polo Claustro de Profesores, na sesión celebrada o 17 de outubro de 2023, segundo consta en Acta, a presente Programación Xeral Anual para o curso 2023/2024, presentada polo Equipo Directivo, e feitas as matizacións pertinentes, este estimou informalo favorablemente para que siga o trámite regulamentario da súa presentación ao Consello Escolar.

De todo o cal, como Secretaria, dou fe coa conformidade da Sra. Directora do Centro.

Marcón, a 17 de outubro de 2023.

Vº e Pr.

A Secretaria

Asdo.: M<sup>a</sup> del Carmen Lens Blanco

Asdo.: M<sup>a</sup> Dolores Fernández Martínez



A presente Programación Xeral Anual do C.E.I.P. de Marcón foi avaliada positivamente no Consello Escolar do Centro na sesión celebrada o día 17 de outubro de 2023.

De todo o que, como Secretaria, dou fe.

Marcón, 17 de outubro de 2023.

Vº e Pr.

A Directora,

A Secretaria,

Asdo.: M<sup>a</sup> del Carmen Lens Blanco

Asdo.: María Dolores Fernández Martínez